



¿QUE É A INTEGRACIÓN SENSORIAL?

“A integración sensorial é a organización das sensacións no sistema nervioso central (SNC) e seu uso na vida diaria” (Jean Ayres, 1972).

É un **proceso inconsciente do cerebro**, como ocorre por exemplo coa respiración.

Organiza a información que detectan os sentidos (o gusto, a vista, o oído, o tacto, o olfacto, o movemento, a gravidade e a posición).

Da significado ás experiencias, clasificando toda a información e seleccionando o importante (como escoitar a un profesor e ignorar o ruído que hai na rúa).

Permítenos responder de maneira adaptativa a cada situación que experimentamos. Constitúe a base do aprendizaxe académico e do comportamento social.

As dificultades no proceso de Integración Sensorial poden converter tarefas relativamente sinxelas en obstáculos insuperables, como colorear sen saír da liña, unir as pezas dun rompecabezas, cortar con tesoiras, atar os cordóns dos zapatos ou ler ou escribir.

Outros nenos e nenas enfándanse ou mostran ansiedade ante certas situacións, cando a xente lles toca por exemplo; as veces as mostras de cariño como un bico ou unha caricia resúltanlles molestos. Espazos con luces e ruído poden distraerlles e irritalos.

“NON HAI NADA NO INTELECTO QUE NON PASARA ANTES POLOS SENTIDOS” (LURIA)